



NOVO LOCAL PARA O CENTRO DE DÍA DE ATENCIÓN ESPECIALIZADA

O luns día 3 de Marzo o noso **Presidente José Balboa Ayán e a Directora Rocío García Calvo** mantiveron unha entrevista co **Alcalde de Santiago Xosé A. Sánchez Bugallo e a Concelleira de Benestar Social e Muller, Mar Martín.**

O **obxectivo** de dita entrevista era **dar a coñecer os representantes da administración pública os proxectos actuais** que se están levando a cabo dende a entidade **así como os proxectos a medio prazo, solicitando o seu apoio e colaboración** para o desenrolo dos mesmos.

Como sabedes, na actualidade contamos cun **máximo de 12 prazas para o Centro de Día de Atención Especializada SARELA** (único centro en Galicia) que a **Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar autorizou xa dende Marzo de 2007.**

O noso **ámbito de actuación, Santiago de Compostela e área sanitaria** (cun total de 48 concellos) fai que esas **doce prazas sexan insuficientes.** Por iso, o **proxecto prioritario** da entidade é o de **ampliar as instalacións e poder así aumentar o número de prazas autorizadas,** podendo dar **cobertura as necesidades de máis afectados e familias, así como ampliar os nosos servizos á xornada completa.**

O **resultado desa entrevista** foi o **compromiso público,** por parte do **Alcalde do Concello de Santiago de Compostela Xosé A. Sanchez Bugallo** da **cesión dun terreo no barrio de Conxo,** en Santiago de Compostela, nun prazo máximo de dous meses para poder iniciar posteriormente a construción dun novo centro.

Esperamos confirmarnos no vindeiro boletín que SARELA dispón dun terreo no barrio de Conxo, que permitirá a construción dun novo centro de atención especializada, que poida dar cobertura a un maior número de afectados e familias.

Agradecemos en nome de todos os que formamos parte de SARELA (afectados, familias, xunta directiva, profesionais, voluntarios, ...) a atención prestada polo Alcalde Xosé A, Sánchez Bugallo e a Concelleira de Benestar Social e Muller, Mar Martín así como o seu compromiso de colaboración e apoio. Agardamos que este apoio continúe.

Grazas.

A OPINIÓN DO LECTOR SOBRE...

Animámosvos a todos (lectores, afectados, familias,...) a participar nesta sección e a aproveitar esta oportunidade de expresar a vosa opinión, compartir a vosa experiencia, coñecer as vosas suxerencias. Podédela achegar á sede da entidade ou ben vía email.

EXCURSIÓN AO ALGARVE

Saímos o mércores día dezanove pola mañá moi cedo en autobús e dirixímonos ao Sur de Portugal a unha zona moi visitada turisticamente chamada o Algarve. Chegamos para a hora do xantar e pola tarde adicámonos a visitar as instalacións do hotel “Vila Galé” situado no Vale do Olival e os seus arredores. Na mañá do xoves visitamos Sagres e o Cabo San Vicente e pola tarde fomos ata a cidade de Olhao e o Faro, que é a capital de Algarve. Ao longo do venres, coñecemos a cidade de Silves, famosa polas súas ruínas e logo unha antiga aldea de pescadores chamada Carvoeiro, tamén Vilamoura por ser un dos maiores complexos turísticos de Europa e a Albufeira, onde se atopa unha das máis famosa e bela praia do Algarve. O sábado é o penúltimo día de estancia alí, adicamos o tempo a visitar Castromarín e continuamos despois cara a desembocadura do río Guadiana ata a fronteiriza cidade de Vilareal de Santo Antonio. A tarde tivémola libre para poder mercar algún que outro agasallo. Saímos de volta aos nosos lugares de orixe o domingo pola mañá tras o almorzo.

Sen dúbida é unha excursión recomendable para todo aquel que lle apeteza coñecer o Sur do noso país veciño.

Juan Manuel Vilar

CONTINUANDO COA NOSA HISTORIA:

2005 Somos 140 socios.

Continuamos os seguintes programas:

Información, orientación e apoio ás familias afectadas por dano cerebral adquirido.

Sensibilización da comunidade; Atención e rehabilitación a persoas afectadas por dano cerebral adquirido.

As actividades propias de Centro de Día poden realizarse cinco tardes á semá, gracias a un convenio asinado con Vicepresidencia (Benestar e Acción Social) para o programa de Promoción da Autonomía Persoal para persoas con dano cerebral adquirido.

Continúanse os convenios de prácticas co Instituto de Formación Profesional de Pontepedriña e coa Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. Ademais de colaborar como docentes en cursos do Proxecto Persoa do Concello de Santiago de Compostela .

Fanse distintas reportaxes e entrevistas en prensa, radio e televisión ó longo de todo o ano.

Como xa sabedes no Centro de Día de Atención Especializada facemos o longo do ano distintas actividades. Neste boletín saberedes

¿QUÉ FACEMOS EN GOLF?

O deporte adaptado representa unha actividade de real importancia no desenvolvemento persoal e social do individuo que o practica. Toda persoa con algunha diminución das súas capacidades debe enfrontarse a unha sociedade construída sobre parámetros "normais", sendo moitas veces estes parámetros as barreiras que diariamente as persoas con discapacidade deben sortear.

Este taller axuda a abstraerse por momentos dos inconvenientes que estas barreiras carrexan; ademais de fortalecer a súa psique (afectividade, emotividade, control, percepción, cognición). Pero o máis importante é que crea

un campo axeitado e sinxelo para a auto-superación, buscando establecer obxectivos a alcanzar para poder superarse día a día e logo a partir deles proxectar outros obxectivos buscando un reaxuste permanente, un "feedback".

Entender que todas as persoas poden practicar deportes e recibir este servizo como un ben social máis é o principio da inserción social e, polo tanto, o primeiro paso cara a integración.

Amosámosvos unha mostra do que facemos co noso profesor D. José Antonio Rey Pazos no Real Aeroclub de Santiago de Compostela.



LEMBRADE, PRONTO VOLTARÁ O NOSO MERCADIÑO, NO MES DE XUÑO NA PRAZA DO TOURAL

Avisámosvos de que xa falta pouco para o noso **mercadiño de verán**. Celebrarase na **2ª quincena do mes de Xuño** durante dous días **19 e 20**. O horario será de **17:00 a 20:00 horas**.

Esperamos que vos acheguedes para visitala nosa mostra. **De seguro atoparedes algún agasallo** do voso agrado para mercar. **Haberá moitas novidades que vos sorprenderan**. **Confiamos en todos vos** para que **sexa un éxito** como o de Nadal deste ano. **¡Grazas a todos!**



DESPEDIDA DO NOSO COMPAÑEIRO JOAQUIN

(Fisioterapeuta)

No mes de Marzo foise Joaquín, o noso Fisioterapeuta, que levaba en SARELA xa tres anos.

O motivo da súa marcha é a súa Licenciatura en Medicina e a elección dun novo destino para desempeñar a súa profesión.

Na súa despedida fixemos un descanso máis longo do habitual no Centro de Día de Atención Especializada, para poder compartir con él un anaco de tempo antes da súa marcha. Ademais de picar algo (doces e café), fixémoslle entrega dun agasallo: un álbum de fotos co seus mellores momentos en SARELA. Sabemos que lle gustou moito xa que aínda que intentaba non emocionarse demasiado, o final...tiña os ollos empañados e case cae algunha lagrimiña.

¡Velaí vai algún dos seus mellores momentos!

¡Sempre rodeado de mulleres! Botando unha man.... Botando a outra man...

Esperamos que todo lle vaia moi ben e que de cando en vez veña a facernos unha visitiña.

Botaremoste moito de menos, Joaquín. ¡Moita sorte e ata pronto!



¡ Sempre rodeado de mulleres!



Botando unha man...



Botando outra man...

NOVAS DE INTERESE

• **VOLUNTARIADO ACOMPAÑAMENTO E APOIO SOCIAL**

A entidade inicia este proxecto no concello de Santiago que ten como finalidade ofrecer un apoio á tarefa do cuidador principal e a posibilidade de que o usuario amplíe a súa rede social, a través da compañía dun voluntario tanto dentro como fóra do domicilio. As persoas interesadas, pñense en contacto coa traballadora social.

• **RECORDAMOSVOS QUE O SERVIZO DE TRANSPORTE ADAPTADO DO CONCELLO DE AMES** ampliou o seu horario á xornada de tarde sendo actualmente o seguinte: De 7:30 a 19:30 de Luns a Venres. Lembraide que hai que solicitalo con 2 días de antelación, chamando ó teléfono 900-200-4000.

OS NOSOS COLABORADORES

O mantemento da asociación SARELA finánciase a través dun convenio de colaboración coa Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar ademais dos ingresos propios da asociación (cotas de socios, mercadiño...)

A asociación recibe tamén outras axudas: a través de FEDACE (Federación Española de Daño Cerebral) do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais; Consellería de Política Territorial, Consellería de Traballo, Secretaría Xeral de Política Lingüística, Concello de Santiago de Compostela, Deputación de A Coruña, Consellería de Innovación e Industria, Caixa Nova, La Caixa, Fundación Maphre e donacións económicas de particulares e empresas.